

**EXAME PARCIAL RECUPERACIÓN PRIMEIRO TRIMESTRE+EXAME SUBIR NOTA
SEGUNDO TRIMESTRE NOME: APELIDOS: CURSO:**

O resultado de todas estas diferenzas é que a liberdade non pode ser entre os modernos o que era entre os antigos. A liberdade dos tempos antigos era todo aquilo que aseguraba aos cidadáns a porción maior no exercicio do poder social. A liberdade dos tempos modernos é todo aquilo que garante a independencia dos cidadáns contra o poder. Os antigos, debido ao seu carácter, tiñan sobre todo necesidade de acción e a necesidade de acción concíliase moi ben con unha grande extensión da autoridade social. Os modernos teñen necesidade de tranquilidade e de goces. A tranquilidade non se encontra máis que nun pequeno número de leis que impiden que o individuo sexa molestado, os goces dentro dunha gran liberdade individual. Toda lexislación que esixe o sacrificio dos seus goces é incompatible co estado actual da especie humana.

(...) Non é necesario esixir aos pobos modernos o amor e a devoción que tiñan os anciáns pola liberdade política; é a liberdade civil a que desexan sobre todo os homes da nosa época. Mentres que a liberdade civil, en razón da multiplicación das ocupacións privadas, gañou en avantaxes, a liberdade política perdeu as súas polo medre das asociacións.

(...) Antes o interese público ía por diante da seguridade e a liberdade individual. Hoxe en día a seguridade e a liberdade individual van por diante do interese público.

Sendo a paz, a tranquilidade, a felicidade doméstica a tendencia natural e invencible dos pobos modernos, hai que facer a esta tranquilidade máis sacrificios dos que facían os antigos. O desorde non é sempre incompatible coa liberdade política, mais o é sempre coa liberdade civil e individual.

(...) Pretender hoxe en día consolar aos homes por medio da liberdade política da perda da liberdade civil, é camiñar no sentido inverso do xenio actual da especie humana. Lonxe de opoñer unha destas liberdades á outra, non hai máis que presentar á primeira como a garantía da segunda.

(...) Non quero renunciar á liberdade política, é a liberdade civil a que eu reclamo xunto con outras formas de liberdade política.

Os gobernos non teñen hoxe en día o dereito de arrogarse un poder ilexítimo máis do que o tiñan noutros tempos, pero os gobernos lexítimos teñen menos dereito que antes para obstaculizar a liberdade individual. Nós posuímos aínda hoxe en día os dereitos que tiñamos de outros tempos, os dereitos eternos á xustiza, á igualdade, á garantía, porque estes dereitos son o obxectivo das asociacións humanas. Mais os gobernos, que non son máis que os medios de lograr este fin, teñen novos deberes. O progreso da civilización, os cambios operados polos séculos dentro das disposicións da especie humana ordénanlle máis respecto polos costumes, polos afectos, nunha palabra, pola independencia dos individuos.

(Benjamin Constant. Principios de política. Libro XVI)

Cuestións texto:

1. En que consiste a liberdade defendida por Constant?, con que argumentos a defende? Por contra, que visión da liberdade critica?, con que argumentos?
2. Por que considera o pensador liberal francés adecuada para a súa época o tipo de liberdade que precisamente defende no texto?, cales son os factores que fan axeitada esa clase de liberdade para os tempos presentes, en opinión do autor?
3. Que idea ten da política Constant?, principalmente, para que serve?, que formas de liberdade política son compatibles coa idea de liberdade que el defende?
4. En conclusión, que aspectos netamente liberais destacarías, respectivamente, na defensa e crítica destas concepcións da liberdade?